

ANEXO I

SOLICITUDE DE ACTUACIÓN DA SUBMEDIDA M10.22 DE CONSERVACIÓN DE RECURSOS
XENÉTICOS NA AGRICULTURA/CULTIVOS-CASTES AUTÓCTONAS 2021

Nº DE PROTOCOLO^(*)

(*) A encher polo SXEA

1.- ACTUACIÓN PROPOSTA

Actividades para o Rexistro, Conservación e Transferencia das castes tradicionais galegas de horta. Selección e mellora de castes tradicionais e elaboración de descritores.

2.- ENTIDADE SOLICITANTE

Centro Institucional/Entidade Colaboradora:

Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo

Enderezo: Estrada Betanzos-Mesón do Vento Km. 7,5 San Tirso de Mabegondo

C. Postal: 15318

Concello: Abegondo

Provincia: A Coruña

Telf.: 881881801

Fax:

Correo electrónico:

manuel.lopez.luaces@xunta.es

3.- XUSTIFICACIÓN DA ACTUACIÓN PROPOSTA

Ano 2021:

No ano 2017 comezou o traballo para o rexistro, conservación e transferencia de castes tradicionais galegas de variedades de horta. Este traballo consistiu basicamente na caracterización molecular de tódalas castes conservadas no banco de xermoplasma do CIAM. O obxectivo de esta caracterización é obter unha ferramenta que sirva, xunto coa caracterización morfolóxica, para comprobar a que as plantas que se comercializan, son realmente dunha caste determinada. Como continuación do traballo, será necesario facer a caracterización morfolóxica das castes comercializadas polos viveiros, ademais de volver a facer a de aquelas castes do banco de xermoplasma que non tiveran resultados claros.

Outra parte do traballo que comezou no 2017, foi o da caracterización morfolóxica, mediante os descritores da Unión Internacional para a Protección das Obtencións Vexetais (UPOV). Parte de estos descritores son obrigatorios para o Rexistro de Castes Comerciais e están incluídos no formulario técnico de cada especie, polo que son necesarios para o rexistro, ademais de servir para a descrición de cada unha das castes. Unha parte importante das castes do banco, xa tiñan feita a caracterización morfolóxica con anterioridade, fundamentalmente as que xa están rexistradas. Outras a tiñan feita con poucos descritores, polo que foi necesario completala para o seu posterior rexistro.



Deste xeito, no ano 2017 caracterizáronse molecularmente as seguintes castes:

- Pemento: 15 castes conservadas no banco de xermoplasma.
- Tomate: 18 castes conservadas no banco de xermoplasma.
- Leituga: 3 castes conservadas no banco de xermoplasma.
- Cebola: 3 castes conservadas no banco de xermoplasma.

No ano 2018, o traballo principal levado a cabo, foi a caracterización morfolóxica das castes que estaban sen esa caracterización ou ben a tiñan incompleta, seguindo os descritores da UPOV e do IPGRI. Ó mesmo tempo, seleccionáronse algunhas castes procedentes de viveiros de Galicia, que non estaban aínda conservadas no banco de xermoplasma, co obxectivo de caracterizalas tamén e ver o interese que poderían ter co obxecto do seu rexistro.

As castes caracterizadas foron as seguintes:

- Tomate: 8 castes conservadas no banco de xermoplasma do CIAM e 2 castes procedentes de viveiros.
- Pemento: 9 castes conservadas no banco de xermoplasma do CIAM e 1 procedente dos viveiros.

Tamén se fixo novamente caracterización molecular, principalmente das castes enviadas dos viveiros, e que xa existían no banco de xermoplasma, que foron caracterizadas no ano 2017, para comprobar a semellanza das mesmas co existente no CIAM. Tamén se caracterizaron algunhas liñas de selección das castes do CIAM, e que non foron caracterizadas aínda molecularmente ou de especies como o repolo ou os chícharos. Así, no 2018, fíxose a caracterización molecular das seguintes castes:

- Tomate: 1 liña de selección de 1 caste do banco de xermoplasma e 9 mostras de 5 castes procedentes dos viveiros.
- Pemento: 6 liñas de selección de 6 castes do banco de xermoplasma e 17 mostras de 10 castes procedentes dos viveiros.
- Chícharos: 7 castes conservadas no banco de xermoplasma
- Brassicas: 3 liñas de selección de 2 castes do banco de xermoplasma e 7 mostras de 4 castes procedentes dos viveiros.

A última parte do traballo foi a de rexistro como castes de conservación, das castes que se caracterizaron morfolóxicamente e amosaron os requisitos necesarios para o rexistro (valor agronómico, ser diferentes, ser estables e uniformes). As que non cumpriron con algúns de estes requisitos, foron sometidas a selección, co obxectivo de volver a comprobalos no ano 2019 e proceder ó seu rexistro. As castes para as que se solicitou o rexistro como castes de conservación no 2018, foron as seguintes:

- Tomate: Avoa de Osedo, Olimpia Ourense, San Lázaro e Taller de Lubre.
- Pemento: Couto Grande e Piñeira.

No ano 2019, o traballo foi, por unha parte, de caracterización morfolóxica, selección e obtención de semente de castes, que foron as seguintes:



- Tomate: 11 castes procedentes do banco de xermoplasma do CIAM.
- Pemento: 6 castes procedentes do banco de xermoplasma do CIAM e 5 procedentes dos viveiros.
- Chícharos: 7 castes procedentes do banco de xermoplasma do CIAM (das cales comprobouse que dúas eran a mesma)
- Leituga: 3 castes procedentes do banco de xermoplasma do CIAM

Tamén, solicitouse o rexistro como castes de conservación, das castes que se caracterizaron morfolóxicamente e amosaron os requisitos necesarios para o rexistro (valor agronómico, ser diferentes, ser estables e uniformes). As castes para as que se solicitou o rexistro como castes de conservación no 2019, foron as seguintes:

- Tomate: Apementado, Corazón de Monforte, Corazón de Miño e Pili San Fiz.
- Pemento: Guindilla da Angustia e Ourense Verde.
- Leituga: Feáns, Lugo e Miño

No ano 2020 continuáronse os traballos de caracterización morfolóxica, selección e obtención de sementes das seguintes castes:

- Tomate: 7 castes procedentes do banco de xermoplasma do CIAM.
- Pemento: 1 caste procedente do banco de xermoplasma do CIAM.

Tamén, solicitouse o rexistro como castes de conservación, das castes que se caracterizaron morfolóxicamente e amosaron os requisitos necesarios para o rexistro (valor agronómico, ser diferentes, ser estables e uniformes). As castes para as que se solicitou o rexistro como castes de conservación no 2020, foron as seguintes:

- Tomate: De Corno, Mariló e Monforte Grande.
- Pemento: Seixalbo.
- Chícharo: Da Cova

Dende que comezaron os traballos no ano 2017, foi solicitada a inscrición no rexistro de castes de conservación dun total de 20 castes, estando xa rexistradas 6.

No ano 2021, é necesario a continuación dos traballos que aínda non se levaron a cabo: Nova caracterización morfolóxica e selección das castes que non cumprían todos os requisitos para o rexistro; caracterización morfolóxica das castes conservadas no banco de xermoplasma que aínda non o teñen completo e comprobación dos requisitos para o seu rexistro. Finalmente se solicitaría o rexistro como castes de conservación das que cumpran os requisitos, en función dos resultados obtidos.



4.- OBXECTIVOS DA ACTUACIÓN PROPOSTA

Ano 2021:

Caracterización de castes con descriptores UPOV para solicitar a súa inclusión no Rexistro de

Castes de Conservación: Caracterización seguindo os descriptores da UPOV, das castes que teñen a súa caracterización morfolóxica incompleta ou aínda non está feita. Comprobación dos resultados de selección das castes caracterizadas no ano 2020, pero que non cumprían os requisitos para o seu rexistro. Nas castes que non cumpran os requisitos no 2021, unha vez caracterizadas, selección intravarietal.

Multiplicación de semente: Multiplicación e conservación da semente das castes caracterizadas morfolóxicamente. Multiplicación e renovación da semente de castes conservadas no banco de xermoplasma do CIAM, para o mantemento da súa cantidade e calidade.

Avaliación de novas accesións: Caracterización morfolóxica e avaliación de novas accesións do banco de xermoplasma do CIAM.

Rexistro: Inicio do procedemento de rexistro das castes que reunan os requisitos necesarios para facelo (valor agronómico, ser diferentes, ser estables e uniformes) que estén perfectamente caracterizadas e seleccionadas.

5.- METODOLOXÍA

Ano 2021:

Avaliación, caracterización e rexistro de castes:

Neste ano, faranse as plantacións necesarias para realizar a caracterización morfolóxica, cos descriptores da UPOV, para completar os datos que se necesiten, así como a multiplicación para a obtención de semente. Unha vez completos os datos, iniciarase o procedemento de rexistro das variedades elexidas. A semente obtida, conservarase no banco de xermoplasma do CIAM.

As castes elexidas para o cultivo no ano 2021 son as seguintes:

Tomate:

4 castes do banco de xermoplasma, parcialmente caracterizadas e seleccionadas no ano 2020 (Amadeo Monforte, Convento, Jose Luís, e Monforte Pequeno).

Unha vez caracterizadas as castes, farase a selección de plantas e froitos, para a obtención de semente. Esta semente conservarase no banco de xermoplasma do CIAM e servirá de base para posteriores seleccións, de ser necesarias, e para o envío para o rexistro das castes no rexistro de castes de conservación.

Multiplicación e renovación de semente:

A semente conservada nun banco de xermoplasma é necesario renovala cada certo tempo, para garantir o mantemento dunha capacidade xerminativa elevada, así como de incrementar a cantidade conservada, que co paso do tempo vai diminuíndo.



No ano 2021 farase a renovación da semente dunha parte das castes conservadas no banco:

- Tomate: 2 castes
- Pemento: 9 castes

De cada caste multiplicaránse unha ou varias liñas de selección.

Avaliación de novas accesións:

Farase a caracterización morfolóxica, avaliación agronómica básica e multiplicación de semente, de novas accesións do banco: tomate da Rúa, tomate de Salcedo, tomate de Miño e guindilla de Viós.

O cultivo farase nos invernadoiros do CIAM, sobre plástico acolchado, co número de plantas axeitado para obter unha boa caracterización e obtención de semente.

6.- PLAN DE DIVULGACIÓN

Reunións:

Ano 2021

As necesarias para o desenvolvemento do proxecto

Cursos:

Ano 2021

Demostracións:

Ano 2021:

Publicacións:

Ano 2021:

A partir dos resultados obtidos, poderanse facer artigos divulgativos relacionados co traballo desenvolto.

Outras:

Ano 2021:

Poderase facer a difusión do traballo desenvolto a través de programas de temas agrarios da CRTVG ou de outras cadeas, así como tamén da prensa escrita.

